UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES PLURILINGÜE A CACHADA

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

ÍNDICE

1. Xustificación
2. Contexto
3. DAFO do centro
4. Obxectivos
5. Actividades
6. Resultados
7. Plan de diseminación

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

1. Xustificación

Un Plan de Desenvolvemento Europeo non é un documento obrigatorio de centro, pero resulta conveniente telo de cara a reflexionar sobre os seguintes obxectivos:

- Adoptar unha estratexia de internacionalización
- Mellorar a práctica docente a través da creación dun entorno máis moderno, dinámico, aberto a novas prácticas educativas e á colaboración con outros centros educativos e outras institucións
- Mellora da oferta educativa do centro
- Mellora da cualificación do seu persoal docente
- Planificación estratéxica dos seus obxectivos como institución e do desenvolvemento profesional de seu persoal

2. Contexto

O IES Plurlingüe A Cachada é un instituto de educación pública con 465 estudantes, un equipo docente de 40 membros e 5 persoas máis como persoal de administración e servizos. O centro é un dos tres do ensino secundario da nosa vila, cidade costeira das Rías Baixas (A Coruña) con preto de 20 000 habitantes. O noso alumnado procede tanto do centro da localidade (CEIP Santa Baia) como dos arredores (CEIPS de Abanqueiro, Cespón e Santa Mª do Castro).

A economía das familias do noso alumnado fundaméntase na pesca marítima, na industria de conservas, e cada vez máis na hostalería, dado o interese turístico que esperta esta rexión polo seu clima e praias.

Pese a ser un centro xove (inaugurouse no curso 1999/2000) temos un considerable percorrido en iniciativas internacionais:

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Dende o curso 2007/08 desenvólvese un programa CLIL en Francés na materia de Educación Plástica, promovendo a inscrición do alumnado en convocatorias DELF.

- Dende o curso 2012/2013 o centro participa nun Intercambio Sociolingüístico dentro do marco Edulingüe 2020 e dos acordos de Colaboración entre a Consellería de Euducación e a Academie Amiens.

- Dende o curso 2014/15 desenvólvese un programa CLIL en Inglés nas materias de Educación Física e Tecnoloxía. Desde hai tres anos temos configurado o centro como "*plurilingüe*", involucrando así a todo o alumnado e cada vez a máis profesorado (dous dos responsables participaron nos programas da Consellería PIALE - *Plan integral de aprendizaxe das linguas estranxeiras.*) No curso que vén agardamos involucrar máis profesorado a través dunha nova materia para 2ºESO baseada na metodoloxía STEM e a incorporación da materia de Educación Física en 4º ESO. Tamén participou nun programa PIALE un profesor de Eduación Plástica.

- Nos cursos 2012-14 desenvolveuse un programa Comenius denominado "*Tell me about famous people in your country*" xunto a centros de Alemania, Francia e Polonia.

- No curso 2017/18 participamos nun Proxecta de observación de prácticas educativas (*Observa-Acción*) en centros de Galicia, León, e finalmente en Italia.



- No curso 2018/19 comeza a nosa participación nun Erasmus KA1 denominado "*Profesorado competente desde a perspectiva STEM*" cuxo obxectivo é indagar nas prácticas STEM noutros países (Hawaii, Bélxica, Finlandia e Italia) explorando as liñas xerais de interese e exemplos prácticos a través da observación de aulas para que poidamos compartir experiencias e boas prácticas. O fin último deste

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Erasmus é extrapolar ideas ó noso contexto galego para crear unha guía de boas prácticas e unha xestión de proxectos STEM que sexa eficiente, escolmando recursos de aula para compartir con outros centros que desexen iniciarse en STEM.

3. DAFO do centro

(D) Moitos dos nenos e nenas do noso centro teñen o pai ou a nai (se non ambos) lonxe de casa a maior parte do día (pesca, bateas, fábricas de conservas). Tal desagregación familiar resulta nun aumento do fracaso escolar e nun abandono escolar temperán. (F) Ó mesmo tempo, a economía de Boiro non é precaria, o que implica que moitas familias teñen unha situación o suficientemente folgada para dar ós seus fillos e fillas toda a axuda que necesitan a nivel da escola. Isto permitiu que se desenvolveran programas de excelencia educativa que redundaron en logros en eidos variados (competicións STEM, concursos literarios, certames audiovisuais, etc.)

Como se deduce do anterior, a atención á diversidade é unha área complexa na que o noso centro inviste (na medidas en que a Administración o facilita) moitos recursos para mellorar a calidade do ensino.

Como Claustro, detectamos catro claras **ameazas** que van alén das nosas posibilidades e recursos:

- Unha crecente desmotivación cuxos factores desencadeantes poden rastrearse na crise económica pasada e na que entra, na escaseza de oportunidades laborais proporcionais á formación académica, no exceso de academicismo das materias e no descenso da tolerancia ante o fracaso, talvez motivado polo elevado número de vías de escape que a sociedade virtual oferta hoxe á mocidade.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Unha diminución na capacidade de estudo e vontade de traballo, factores nos que redunda unha sociedade ruidosa e saturada de alternativas de ocio. A proliferación de ferramentas TIC sen coordinación por parte do equipo docente non axuda a mellorar esta situación.

- A facilidade de uso das ferramentas TIC fai que o alumnado cree cada vez menos contidos, facendo un "copia-pega" sen sentido crítico. En xeral, estamos vendo rapaces e rapazas cada vez máis sensibles ás *fake news* e, saturados de información contraditoria, progresivamente escépticos e pouco comprometidos.

- Unha regresión sociolingüística que, somos conscientes, afecta á mocidade en xeral, pero que nos doe comprobar en alumnado bilingüe (galego-castelán) e con familias con educación media ou superior, como en xeral é o noso caso. A aparición de materias CLIL e do propio plurilingüismo non está aportando melloras na competencia oral, como sería de esperar, e actitudinalmente estamos observando un estancamento na situación diglósica de Boiro.

Temos a responsabilidade de definir as oportunidades para superar os puntos débiles internos e externos. Cómpre unha análise exhaustiva que non é obxecto deste documento, pero apuntamos certas liñas:

- Reforzo de dinámicas pedagóxicas baseadas en traballo en equipos, xa que a axuda entre iguais compensa déficit de oportunidades dalgúns alumnos e alumnas.

- Consolidación de participación en programas de innovación e mellora pedagóxica, especialmente cando supoñan orzamentos cos que axudar a colectivos en inferioridade de oportunidades (Erasmus para mobilidades, EduExchanges, Contratos-Programa, Clubs de Ciencia, etc.) ou

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

recoñecementos oficiais (Innovación en Dinamización Lingüística, Proxecta, etc.)

- Traballo por proxectos para aumentar a coherencia das nosas estratexias, racionalizando a demanda de traballos/tarefas e valorando a pertinencia ou non de determinadas ferramentas TIC.
- Aumento da esixencia na competencia oral *multidisciplinarmente*.
- Tratamento integrado das linguas (TIL).

Traballar nestas áreas debera conducir a mellorar a imaxe do centro e, en consecuencia, o sentemento de benestar do alumnado e o seu rendemento académico. O IESP A Cachada debe continuar comprometéndose coa eliminación de barreiras impostas pola diferenza de aptitudes, linguas, nivel social ou poder adquisitivo.

Para nós, é fundamental que o alumnado poida gozar dunha educación de calidade calquera que sexa a súa orixe. Neste contexto, a participación en proxectos transnacionais é un aspecto ó que damos gran importancia, xa que nos permite expandir a nosa dimensión e entrar en contacto con prácticas educativas innovadoras ademais de supoñer que o alumnado mellore a estima que ten de si mesmo e do centro.

4. Obxectivos de mellora

STRATEGIC PLAN 2020

As famosas liñas educativas 2020 de mellora que propón Europa poden consultarse no *Informe 2013. Objetivos educativos europeos y españoles. Educación y formación 2020*; no que atinxe a ensino secundario referense ás seguintes áreas:

- Escolarización e titulación.
- Rendemento do alumnado en competencias clave PISA.
- Competencia lingüística en linguas estranxeiras.
- Abandono temperán da educación.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Ademais, establece obxectivos de mellora na mobilidade de alumnado, pero sen facer fincapé na ESO. No cadro temos información cuantificada relacionada con estes tópicos, e resulta especialmente significativa a táboa resume seguinte:

OBJETIVO/PUNTO DE REFERENCIA		SITUACIÓN 2006-2011				Previsión[1]		Punto referencia
		España		Unión Europea		España		Unión Europea
		2006	2011	2006	2011	2015	2020	2020
1. Tasa neta de escolarización en Educación Infantil	A los 2 años	29,9%	48,1%[12]	-	-	-	-	-
	A los 3 años	95,7%	95,2%[12]	-	78,8%	100	100	-
	A los 4 años	98,5%	97,0%[12]	89,3%	90,8%	100	100	95%
2. Tasa bruta de titulados en Educación Secundaria Obligatoria	ESO	69,2%	74,3%	-	-	80,1%	85,3%	-
	Adultos	4,3%[2]	13,4%[2]	-	-	10,7%	13,4%	-
3. Porcentaje de población de 18 a 24 años que ha completado como máximo la primera etapa de la educación secundaria y no sigue ningún estudio o formación		30,5%	24,9%[12]	15,5%	12,8%[12]	23%	15%	10%
4. Tasas brutas de graduados en CINE 3	Bachillerato	46,8%[01]	50,3%	-	-	50,5%	54,3%	-
	Técnico	10,9%[01]	20,0%	-	-	21,6%	26,0%	-
5. Porcentaje de alumnos de 15 años con un nivel 1 ó <1 de competencia en las escalas de PISA (PISA 2000 Y 2006)	Lectura	16,3%[00]	19,6%[09]	21,3%[00]	19,6%[09]	15,3%	14,6%	15%
	Matemáticas	23,0%[03]	23,7%[09]	24,0%[03]	22,2%[09]	17,5%	16,0%	15%
	Ciencias	19,6%	18,2%[09]	20,3%	17,7%[09]	14,8%	14,6%	15%
6. Porcentaje de población de30 a 34 años titulada en Educación Superior universitaria y no universitaria (CINE 5A y 5B)		38,1%	40,1%[12]	28,9%	35,8%[12]	42,8	44.0%	40%
7. Porcentaje de población de 25 a 64 años que participa en una acción de educación o formación en las cuatro semanas previas a la encuesta		10,4%	10,7%[12]	9,5%	9,0%[12]	12,6%	15,2%	15%
8. Porcentaje de población de 20 a 34 años graduada entre 1-3 años anteriores al año de referencia en CINE 3, 4. 5 y 6 que se encuentra empleada		82,3%	62,4%[12]	79%	75,7%[12]	-	-	82%

Notas:
(00) Datos 2000.
(01) Datos 2001.
(03) Datos 2003.
(09) Datos 2009.
(12) Datos 2012.
(1) Las previsiones para España 2010 se han calculado como el promedio ponderado de los datos aportados por las 17 comunidades autónomas en el año 2010.
(2) Se incluye el valor correspondiente al alumnado de Educación Secundaria para Personas Adultas propuesto para el título de Graduado en Secundaria. (Población de referencia 18 años).

Puntos de referencia europeos 2020
Puntos de referencia españoles 2020

Centrémonos nos seguintes datos:

- España aspira a ter un 85.3% de titulados na ESO no 2020
- España aspira a reducir a porcentaxe de alumnado con nivel 1 ou menor de 1 de competencia nas escalas PISA

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

Estudemos agora as seguintes táboas, que explicitan os obxectivos relativos a competencias clave e a situación da competencia lingüística en lingua estranxeira:

- COMPETENCIA LINGÜÍSTICA EN LENGUAS EXTRANJERAS. ESTUDIO EUROPEO DE COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

INDICADOR: Competencia lingüística en lenguas extranjeras.

PUNTO DE REFERENCIA EUROPEO PARA 2020: Al menos el 50% de los alumnos deberían alcanzar el nivel de usuario independiente (nivel B1 o superior del MCERL) en el primer idioma extranjero al finalizar la Educación Secundaria primera etapa. Al menos el 75% de los alumnos matriculados en CINE 2 deberían estudiar por lo menos dos idiomas extranjeros.

Porcentaje de alumnos de 15 años con un nivel B1 o superior del MCERL.	SITUACIÓN 2011		Previsión		Puntos de referencia
	España	Unión Europea	España		Unión Europea
	2011	2011	2015	2020	2020
Porcentaje de alumnos que alcanzan el nivel B1 o superior en el primer idioma extranjero al final de la Educación Secundaria primera etapa [1]	26,7%	43,5%	-	-	50%
Porcentaje de alumnos matriculados en dos idiomas extranjeros en CINE 2	40,2%	60,8% [2]			75%

(1) Media de competencias examinadas en lectura, comprensión oral y escritura.
(2) Año 2010.

- EL RENDIMIENTO DEL ALUMNADO EN COMPETENCIAS CLAVE (PISA)[7]

INDICADOR: Competencias en Lectura, Matemáticas y Ciencias.

PUNTO DE REFERENCIA EUROPEO PARA 2020: El porcentaje de alumnos de 15 años de bajo rendimiento en competencias básicas en Lectura, Matemáticas y Ciencias debería ser inferior al 15%.

Porcentaje de alumnos de 15 años con un nivel 1 o <1 de competencia en las escalas de PISA (PISA 2000 y 2009)	SITUACIÓN 2000-2009				Previsión		Puntos de referencia	
	España		Unión Europea		España		Unión Europea	
	2000	2009	2000	2009	2015	2020	2010	2020
Lectura	16,3%	19,6%	21,3%	19,6%	-	15,0%	17%	15%
Matemáticas	23,0% [1]	23,7%	24,0% [2]	22,2%	-	15,0%	-	15%
Ciencias	19,6% [2]	18,2%	20,3% [2]	17,7%	-	15,0%	-	15%

(1) Datos 2003.
(2) Datos 2006.

En coherencia cos obxectivos 2020 en Educación, e de acordo coa nosa idiosincrasia, pretendemos:

- Consolidar as estratexias socio-educativas que se desenvolven desde o Departamento de Orientación e que permiten ter unha escolarización do 100%.

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Reducir as cifras de abandono temperán, reforzando as liñas de actuación que xa existen e estudando outras novas.
- Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave de Lectura, Matemáticas e Ciencias.
- Mellorar o indicador de competencia lingüística estranxeira.
- Mellorar o nivel de competencia oral.
- Mellorar o nivel de competencia dixital do alumnado.
- Reforzar metodoloxías baseadas en proxectos, nomeadamente as que impliquen oralidade e didáctica STEM.
- Reforzar as canles que permiten mobilidade do alumnado, esencialmente as internacionais, fortalecendo o sentimento de cidadanía europea.
- Aumentar o nivel de competencia dixital do profesorado e a súa participación en proxectos europeos, mellorando así a súa capacitación profesional e motivación.
- Revisar os procesos de ensino-aprendizaxe remozando o currículo das materias a través das aportacións das novas metodoloxías estudadas.
- Mellorar a imaxe do centro, aumentando a conexión con familias e outros axentes sociais.

5. Actividades

De cara a lograr os anteriores obxectivos, é fundamental realizar un estudo e diagnose dos diferentes parámetros:

- Taxa de escolarización e de abandono escolar, analizando as causas deste e propoñendo camiños para a súa redución .

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado: medindo a evolución de presentados a probas tipo DELF e EOI, e establecendo canles para aumentar esas cifras.

- Determinación do nivel medio de competencias básicas (*lectura, ciencias e matemáticas*) do noso alumnado, a comparar co nivel español medio. Estudo de metodoloxías que hibriden STEM e oralidade para mellorar estes niveis.

- Viabilidade económica das mobilidades de alumnado.

Evolución de los resultados en PISA

Puntos respecto a la media de la OCDE

		2000	2003	2006	2009	2012	2015
Lectura	España	493			481	488	496
	OCDE	500			493	496	493
Matemáticas	España		485			484	486
	OCDE		500			494	490
Ciencias	España			488		496	493
	OCDE			500		501	493

FUENTE: Informe PISA ABC A

A continuación expoñemos unha serie de liñas de traballo que xa se están desenvolvendo e outras que sería desexable complementar:

- Manter e visibilizar as actividades relativas ó Contrato-Programa de Espazos Familia.

- Manter e reforzar a coordinación entre Titorías e Orientación (PAT actualizado e coherente coas actividades e proxectos de centro).

- Instaurar novas canles de comunicación coas familias (vía Abalar Móbil, Google Classroom, etc.).

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

- Remozar e dar pulo á páxina web do centro como centro neurálxico de información e visibilización de actividades. Involucrar o máximo número de profesorado no proceso.

- Propiciar a organización curricular arredor de proxectos interdisciplinares, nomeadamente os deseñados para mellorar as competencias clave do alumnado en lectura, matemáticas e ciencias.

- Crear grupos de traballo do profesorado para estudar ferramentas educativas e deseñar proxectos, configurando un estándar de PLE para o noso centro (*entorno persoal de aprendizaxe*). Dentro deste punto, dar a coñecer os resultados do proxecto europeo KA1 "Profesorado competente desde a perspectiva STEM".

- Manter e consolidar proxectos que atendan a diversidade de motivacións e aptitudes do alumnado, desde as máis manipulativas ata as de excelencia (Contratos-programa, Clubs de Ciencia, Obradoiros audiovisuais, Clubs de idioma, etc).

- Ofertar un catálogo de actividades complementarias e extraescolares coherente e consensuado, promovendo eventos culturais organizados polo propio alumnado.

- Manter e dar visibilidade ó intercambio sociolingüístico con Francia, estudando vías de reforzo financieiro.

- Implementar un proxecto Erasmus KA229 en base á oralidade e a metodoloxía STEM: Green New Schools (activismo ambiental/ecofeminista).

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 🗎 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

6. Resultados e impacto a acadar

Actividade	Resultados no proceso de ensino - aprendizaxe
Espazos-Familia	Descenso do abandono temperán
PAT coherente	A coherencia metodolóxica mellora o ambiente educativo no centro; a coherencia do plan de acción titorial con outras actividades do centro reduce a dispersión e permite mellores resultados e máis visibilidade para cada acción
Comunicación familias	Mellora da estima que as familias teñen do centro, o que redunda en máis respecto e mellora do ambiente educativo: mellor rendemento académico
Páxina web	Ídem e mellora da coordinación entre profesorado. Menos dispersión
Reorganización curricular en proxectos interdisciplinares	Eliminación da sobrecarga de contidos, que está producindo frustración e empeoramento dos resultados do alumnado. Máis coherencia, menos estrés, máis facilidade para a concentración e mellora do rendemento
Grupos de traballo profesorado	Cuestionamento e enriquecemento de contornos de aprendizaxe, nomeadamente no uso de ferramentas TIC. Estudo de metodoloxías STEM
Proxectos para a diversidade	Aumento da motivación e atención á diversidade
Actividades extraescolares	Eliminar exceso de actividades que redunda no desinterese do alumnado; aumento da coherencia; implicación do alumnado, que adquire así responsabilidade e madurez
Intercambio sociolingüístico	Mellora da competencia lingüística en Francés e do nivel de autonomía e responsabilidade do alumnado
Erasmus KA209	Reforzo da metodoloxía por proxectos, das competencias clave e da oralidade, e mobilidade do alumnado a Europa,

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
☎ 881 86 67 17 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/iesacachada

	contribuíndo á proxección internacional do centro.

7. Plan de diseminación

7.1. Páxina Web

O traballo de renovación da páxina web dos últimos anos, e moi particularmente o deste curso, fan deste espazo o núcleo no que aglutinar toda a información relativa ós diferentes proxectos de centro, e o lugar ideal para visibilizar os resultados.

7.2. Redes Sociais

Paralelamente, continuaremos empregando as redes sociais nas que a maioría da xente se informa hoxe en día da actualidade: Facebook, Twitter, Flickr, Instagram. Esencial papel xoga esta última dentro do alumnado, quen é remiso a divulgar información se non é por este medio (e non menosprecemos o papel do alumnado na diseminación de resultados).

7.3. Medios de comunicación

Finalmente, a nosa boa relación coa prensa facilitará que sigamos chegando ás familias a partir do resultado dos nosos proxectos, tal e como aconteceu ata agora.